



IV 590b

Ghaiteiro de Redondela
ghaiteiro de Redondela
perdeu a ghaita no monte
i aghora chora por ela.

IV 582c

O ghaiteiro de Soutelo
malo raio de Diolo mate,
xa non toca maila gaita
se non lle dan o chocolate.

IV 581

O ghaiteiro de Soutelo
malo un raio de Diolo fenda
xa non toca maila gaita
se non lle dan a merenda.

V 113d

Aínda che hei de botar unha,
aínda che hei de botar outra,
aínda che hei de botar unha,
que che hei de queimala roupa.

V 115

Aínda che hei de botar unha,
aínda che hei de botar tres,
aínda che hei de botar unha
que te hei de queimar de vez -e.

Fuches a Vilagarcía,
fuches e non viches nada
non viches raialo sol
nunha mazán colorada.

Cuando quise no quisistes
ahora quieres, no quiero
pasarás la vida triste
que yo bien alegre la llevo.

Eu caseime na montaña
porque había moito pan
o forno de miña soghra
bota silvas polo vran.



Eu caseime na montaña
ca filla do arañón
ela bonita non é
pobre sí honrada non -he.

O meu amor non me fala
sei que o ten de grandeza
como é rapaciño novo
dalle o aire na cabeza.

Miña soghra non me fala,
sei que o ten de baixeza
como é rapaciño novo
dalle o aire na cabeza.

(...)

somos tantos coma vós,
nos comerémola can
os huesos quedan pra vós.

Teño unha herba na ihorta
que se chama violeta
debaixo do meu zapato
con un corno que che meta.

V 166

Teño unha herba na horta
que se chama curriola,
debaixo do meu zapato
teño un (...) que cha mola.

VI 1482 bis b

Miña sogra non me fala
porque lle ando co fillo
heille de mandar recado
que o meta no bolsillo.

Vaia demo de paxaro
onde foi poñelo niño
na carballeira de abaixo
no máis alto ramalliño.

Téñoche un can de palleiro
que de noite anda ceibado
ten coidado Maruxiña,
Maruxiña ten coidado.
Que che pode vir o trasno
e che pode dar unha trasnada.

Quieres que vaia verte
meniña ao teu lughar -e
tes que matala cadela
que non fai máis que ladrar -e.



Ailalá...

VI 639b

Heime de subir ao alto
que do alto vexo ben,
para ver aos meus amores
se me falan con alghen -he.

Ailalá...

VI 86

Cantaruxa, cantaruxa
filla da cantaruxeira
heiche de cantaruxar
anque tua nai non queira
anque tua nai non queira

Ailalá...

O cantar dos arrieiros
éche un cantar moi baixiño
cántano en Ribadavia
resona no Carballiño.

Ailalá...